

Quen convoca o premio?

A Cámara de Comercio, Industria e Navegación e o Concello de Santiago de Compostela. Estas dúas entidades asinaron un convenio de colaboración no ano 2000 para manter este premio que vai xa pola súa décima edición.

Cal é o seu obxectivo?

Recoñecer o esforzo que realizan as empresas de Compostela no proceso de facer normal o uso da lingua galega.

Por que se premia especialmente as empresas?

Porque é un sector económico de capital importancia para conseguir a normalización do noso idioma na vida cotiá da cidade.

En que consiste o premio?

O premio ten un contido simbólico e non supón ningunha prestación económica. O seu elemento simbólico conséntase nunha escultura creada especialmente por Acisclo Manzano que se lles entregará ás empresas galardoadas nun acto protocolario que vai ter lugar no mes de decembro e ao que se convidan representantes das institucións, do empresariado e de diversas entidades presentes en Santiago.

Que beneficios pode supoñer para unha empresa contar con este premio?

As empresas e comercios premiados poden amosar a través da súa publicidade ou nos propios establecementos a posesión deste galardón, como unha garantía máis de que respectan o idioma maioritario na nosa comunidade. Non esquezamos que, segundo os estudos do Consello da Cultura Galega, máis do 75% da poboación prefire ser atendida en galego.

Quen pode optar ao premio?

Calquera empresa ou comercio que estea radicado no noso municipio.

Que hai que facer para que unha empresa sexa candidata ao Manuel Beiras?

Só é necesario presentar unha proposta, cubrindo un formulario que se pode descargar das páxinas web do Concello (www.santiagodecompostela.org) ou da Cámara de Comercio (www.camaracompostela.com), ou ben recollelo na Oficina de Atención á Cidadanía do Concello ou na Cámara de Comercio e entregándoo de novo en calquera destas dúas entidades, antes do 30 de novembro. É interesante presentar tamén documentación que apoie a candidatura e que demostre o emprego do galego nas actividades da empresa ou comercio.

Todas as empresas compiten na mesma categoría?

O Premio Manuel Beiras ten en conta as diferenzas que poden existir entre os distintos tipos de empresas e, deste xeito distingue dúas categorías: empresas que teñen usado de xeito continuado a lingua galega e empresas que se incorporasen recentemente ao uso do galego.

Onde pode obter máis información?

Pode consultar as bases completas que se achegan.

Ademais pode acudir a:
Concellaría de Normalización Lingüística
981 542 409
dlg@santiagodecompostela.org
Cámara de Comercio
981 596 800

X edición do premio
Manuel Beiras



O Concello de Santiago e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela convocan a X edición do Premio Manuel Beiras co fin de outorgar un recoñecemento público ao esforzo de normalización do uso do galego no sector empresarial, de especial importancia para este obxectivo, lembrando á vez a figura dun histórico comerciante compostelán destacado loitador da nosa cultura e da nosa lingua.

A convocatoria, constitución do xurado, elección das entidades ou persoas premiadas e demais características desta distinción recóllense nas seguintes bases.

primeiro. Con este premio preténdese distinguir aquelas empresas que fagan un uso normalizado da lingua galega nas súas actividades comerciais e de comunicación.

O Premio Manuel Beiras terá carácter de distinción pública e, polo tanto, materializarase nun elemento simbólico de carácter artístico entregado ás persoas ou entidades premiadas nun acto protocolario, sen que leve engadido ningún beneficio económico.

segundo. Convócanse as seguintes categorías do premio:

-Empresas que veñan realizando un uso continuado da lingua galega.

-Empresas que se incorporasen recentemente ao uso do galego.

terceiro. Tamén poderá outorgarse unha distinción especial a unha persoa ou entidade que se destacase pola súa contribución á normalización da lingua no mundo empresarial, ben sexa polo seu labor de promoción do idioma, de difusión ou por algún outro apoio significativo a este proceso.

cuarto. Poden concorrer a este premio as empresas radicadas no Concello de Santiago de Compostela, entendendo aquelas que teñen a súa sede social no municipio ou que realizan unha importante actividade nel.

quinto. As empresas poderán presentar directamente a súa candidatura ou seren propostas por calquera persoa ou entidade, xustificando na medida do posíbel os méritos con que contén.

sexto. As empresas candidatas, para manter esta condición, deberán acceder a facilitar información ao xurado acerca dos usos lingüísticos na súa comunicación interna e externa.

sétimo. O xurado estará formado polos seguintes membros:

Un representante do Concello de Santiago.

Un representante da Cámara de Comercio.

Un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Un representante da Universidade de Santiago de Compostela.

Un representante dunha asociación en defensa da lingua.

Un representante do Colexio Oficial de Xornalistas.

Un representante dunha asociación de consumidores.

Un representante de cada unha das empresas premiadas na edición anterior.

A persoa ou entidade distinguida co galardón especial na edición anterior.

A presidencia do xurado recaerá en anos alternos no Concello de Santiago e na Cámara de Comercio, correspondendo a do ano 2009 á Cámara de Comercio de Santiago de Compostela. Realizará as funcións de secretaria unha persoa designada pola presidencia, que asistirá ás xuntanzas do xurado con voz e sen voto.

oitavo. O xurado, que poderá propor tamén candidaturas, seleccionará os/as premiados de acordo coa finalidade do premio, podendo optar por deixalo deserto na súa totalidade ou nalgunha das categorías. A súa decisión será inapelábel.

noveno. Os premios serán entregados nun acto público ao que se lle dará difusión polos medios que as entidades convocantes acorden.

décimo. As empresas ou entidades premiadas poderán mencionar na súa comunicación a posesión desta distinción, podendo mesmo incluír esta mención na súa publicidade ou papelaría.



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de Normalización Lingüística

Cámara
Santiago de Compostela

g activa o galego

